



Memoria anual 2004

***SERVICIOS PRESTADOS POLA
POLICIA LOCAL DE
RIANXO***



RIANXO
(A Coruña)

INTRODUCCIÓN

Un ano mais a Policía Local presenta a memoria - resumo anual dos servizos prestados no ano anterior, neste caso no 2004, cumprindo así a obriga establecida no Regulamento do Corpo.

No capítulo de tráfico mantense un altísimo número de accidentes na V.A. G-1.1, cun aumento na gravidade dos mesmos en canto supuxo o dobre de feridos e un 33% maior de falecidos.

No relativo ós estacionamentos, as zonas de estacionamento limitado solucionaron en parte os problemas existentes nas zonas comerciais e estase a espera de que finalicen as obras dos novos estacionamentos, en Rianxo e Taragoña, para unha solución definitiva, ó menos de cara ós próximos anos.

No capítulo de seguridade obsérvase unha subida no índice de delincuencia, propiciada en parte pola maior vixilancia do medio ambiente. Non obstante espérase que diminúan os delitos comúns, no que parte dos autores son sempre os mesmos, en canto estes sexan xulgados e cumpran as condenas polas causas pendentes.

No capítulo de policía administrativa continúa o aumento de funcións, que vai paralela ó aumento da actividade normativa dos Concellos.

En materia de policía medioambiental continúa o alto índice de actuacións.

Os traballos administrativos e, sobre todo, as funcións de notificadores, ocupan unha parte importante do tempo de traballo en prexuízo doutros cometidos.

Un ano máis, tendo en conta o anterior, solicítase un aumento do cadro de persoal, ó menos de dous membros, e a creación dunha praza de notificador. E importante sinalar que inda con este aumento continuaríamos sendo o Concello de Arousa-Norte con menos policías por habitante.

O xefe da Policía Local



RIANXO
(A Coruña)

INDICE XERAL

	Pax.
- INTRODUCCIÓN	2.-
- ÍNDICE XERAL	3.-
- I ORGANIZACIÓN E RECURSOS HUMANOS	4.-
- II TRAFICO	6.-
- III SEGURIDADE CIDADÁ - POLICÍA XUDICIAL	11.-
- IV POLICÍA ADMINISTRATIVA	15.-
- V POLICÍA MEDIOAMBIENTAL E SANITARIA, E ASISTENCIAL	18.-
- VI PROTECCIÓN CIVIL	21.-
- VII SERVICIOS DE NOTIFICADOR	23.-
- VIII FORMACIÓN PERSOAL	24.-
- IX MATERIAL ADQUIRIDO E NECESIDADES	25.-
- X PRENSA	27.-




RIANXO
(A Coruña)

I ORGANIZACIÓN E RECURSOS HUMANOS

1- Cadro de persoal policial ó 31 de decembro de 2.004.

- Cabo-Xefe1.-
- Axentes7.-
- Auxiliar1.-
- Auxiliares durante o verán2.-

2- Organigrama de funcionamento.






RIANXO
(A Coruña)

3.- Absentismo laboral.

	ANOS	04	03	02
• Días de baixa		013	054	156
• Porcentaxe de absentismo.....		0,51	2,13	6,17



4.- Datos xerais do concello.

- Superficie (km2)58,9
- Padrón Municipal de habitantes..... 12.074
- Padrón Municipal de vehículos.....6.585
- Orzamento Xeral 2004.....6.883.365,27 €
- Orzamento da Policía Local.....282.691,38 €
- Funcionarios e empregados municipais.....104
- Cadro de persoal da Policía Local 10.




RIANXO
(A Coruña)

II TRAFICO

1- Accidentes de circulación.

Asístese a tódolos accidentes ocorridos no termo municipal nos que son requiridos os nosos servizos e, excepcionalmente, realízanse as primeiras intervencións de urxencia ata a presenza da forza correspondente, cando os sinistros se producen nos concellos limítrofes.

	ANOS	04	03	02
◀ Accidentes asistidos		164	175	137



DETALLE DE ACCIDENTES POR VIAS:

• Casco urbano (2 feridos)	37	36	49
• V.A. G-1.1 (6 falecidos, 61 feridos)	60	56	26
• AC-305 Padrón-Ribeira (1 falecido, 16 feridos)	25	16	17
• AC-553 Ponte Catoira-V.A. G 1.1	1	---	---
• C.P. 3301 Rianxo-Bexo por Isorna (5 feridos)	10	11	07
• C.P. 7201 Rampa a Rianxiño (1 ferido).....	1	3	3
• C.P. 7202 Rianxo-Burés (1 falecido, 2 feridos).....	15	29	20
• C.P. 7203 Taragoña-Pazo (4 feridos).....	4	11	03
• C.P. 7204 Porto Taragoña	2	4	2
• Pistas locais (1 ferido).....	7	12	13



RIANXO
(A Coruña)

2- Atestados por accidentes.

Instrúense atestados por accidentes ocorridos no casco urbano da Vila, que resulten con feridos ou danos con importe superior a 63.106,27 Euros.

	ANOS	04	03	02
• Atestados Instruídos	1	4	7	

3- informes técnicos de accidente.

Colabórase nos accidentes sen feridos e con danos con importe inferior a 63.106,27 Euros facilitando parte amigable de accidente desta Policía Local, e elaborando un informe técnico por se fose requirido polo Xulgado nos casos correspondentes, ou ben polas entidades aseguradoras.

	ANOS	04	03	02
• Informes técnicos de accidente	57	52	49	

4- Puntos negros.

O maior punto negro segue a ser, con diferenza, a V.A. G-1.1, inda que, se o aumento dos sinistros non é apreciable, en cambio produciuse un aumento da gravidade dos mesmos, co dobre de feridos e un 33% mais de vítimas mortais. O tramo máis perigoso deste inmenso punto negro segue a ser o comprendido entre os quilómetros 14 e 16,500.

Sinalar tamén que se mantén o alto índice de sinistros no casco urbano, inda que son, na súa maior parte, de danos de escasa contía.

5- Sinalización e Vías.

Contrólase a sinalización e o estado de conservación en tódalas estradas, con independencia da súa titularidade, comunicándolle de inmediato ó organismo titular da vía as anomalías detectadas.

	ANOS	04	03	02
• Partes á C.O.P.T.O.V.....	5	10	11	
• Partes á Deputación	9	15	09	
• Partes ó Concello	25	33	26	



RIANXO
(A Coruña)

6- Dispositivos especiais de tráfico.

- Xaneiro: Cabalgata de Reis e Belén.
- Febreiro: actos varios de Entroido en tódalas parroquias.
- Abril: actos de Semana Santa e colaboración no domingo de Pascua en Padrón. XIII Carreira Clásica de Pascua.
- Maio: XII carreira ciclista Concello de Rianxo, III Volta ciclista á provincia de A Coruña e carreira popular do Colexio Brea Segade.
- Xuño: Corpus Christi, Romaría do San Pedro, XII Volta ó Barbanza e festa do carneiro do Concello de Dodro.
- Xullo: festas do Carne e de Taragoña, proba ciclista Ruta Xacobeá, proba ciclista VIII Trofeo Vila de Padrón.
- Agosto: festas dos Milagres, festas de Asados, semana de teatro, romaría de San Bartolomeu, festa de S. Salvador en Taragoña, e volta ciclista ó Barbanza.
- Setembro: Festas de Guadalupe e colaboración no Nazareno en Pobra.
- Outubro: festas de Leiro.
- Decembro: actos varios con motivo da celebración do Nadal.

Nota.- Durante o verán, realizáronse varios dispositivos a fin de garanti-la seguridade viaria con motivo dos eventos organizados pola comisión de cultura.

7- Denuncias de tráfico.

	ANOS	04	03	02
Expedientes de denuncias de tráfico rexist.	776	604	522	

DETALLE DAS MESMAS:

• Expedientes tramitados por vía da Recadación do Concello	307	309	209
• Expedientes tramitados por Tráfico.....	00	01	00
• Expedientes anulados por erros en datos e outros.....	102	46	87
• Expedientes prescritos	08	00	10
• Escritos de alegacións estimados a boletín de denuncia	296	227	203
• Escritos de alegacións desestimados a boletín de denuncia	33	28	13



RIANXO
(A Coruña)

As denuncias máis usuais son:

- a) Incumprimento da normativa en zona azul (límite horario).
- b) Por estacionamento en zonas prohibidas (sinalización vertical-horizontal).
- c) Estacionamentos en dobre fila.

8- Vehículos retirados con grúa.

	ANOS	04	03	02
• Vehículos retirados por grúa (empresa privada en convenio co Concello)	20		14	06

9- Contestación a escritos de alegacións.

	ANOS	04	03	02
• Informes sobre escritos de alegacións á Alcaldía.....	329		256	247
• Informes sobre escritos de alegacións á Xefatura Provincial de Tráfico.....	00		00	00

10- Escritos á xefatura provincial de tráfico.

	ANOS	04	03	02
• Informes á Xefatura Provincial de Tráfico	1		1	3
• Outros oficios varios á Xefatura Prov. de Tráfico.....	1		1	2

11- Alcoholemia.

	ANOS	04	03	02
• Controles de alcoholemia.....	0		0	0
• Probas realizadas por infraccións/accidentes.....	4		2	3
• Atestados instruídos por alcoholemia.....	0		0	2

12- Controis de Velocidade.

Realizáronse controis de velocidade cun vehículo equipado con equipo radar, e cedido pola Xefatura Provincial de Tráfico.

	ANOS	04	03	02
• Controles radar de velocidade.....	21		---	---
• Expedientes incoados por infraccións Graves ou moi graves	35		---	---



RIANXO
(A Coruña)

12- Comentario.

No apartado de tráfico continuábase a vixilancia por todo o Concello, con especial atención ós cascos urbanos.

A contratación dunha auxiliar administrativa na Policía Local liberou ós axentes dunha parte importante do traballo administrativo, favorecendo un aumento da presenza de axentes na rúa.

Este aumento de tempo efectivo de vixilancia na rúa permitiu que se efectuasen campañas, primeiro informativas e posteriormente de control e denuncia, sobre os estacionamentos nos cascos urbanos e un seguimento máis rigoroso das zonas de estacionamento limitado.

Faise precisa unha mención especial dos controis de velocidade, que se continúan realizando cun vehículo radar cedido pola Xefatura Provincial de Tráfico, que produciron un notable descenso da velocidade nos núcleos urbanos de fora do casco e a conseguinte baixada do número de infraccións detectadas. Esperamos que esta baixada da velocidade se vexa traducida nun descenso do número de accidentes.

A denominada V.A. G-1.1, segue a ser o principal punto negro non só deste Concello, senón que de toda a comarca. Como se dixo anteriormente, mantívose o alto número de sinistros, duplicándose practicamente os efectos lesivos dos mesmos. Tamén é preciso reincidir en que, aínda que o factor humano (altas velocidades) segue a ser a principal causa, é igual de certo que o trazado, sinalización e o estado de conservación do firme, favorecen ese alto índice de sinistros.

No programa local contra os accidentes de tráfico continúanse realizando, en colaboración cos centros escolares do Concello, ciclos formativos de seguridade viaria para concienciación e formación do alumnado.

Resáltase un ano máis a colaboración da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e da Ambulancia Municipal.

CAUSAS MAIS COMÚNS:

- Exceso de velocidade.
- Falta de atención e caso omiso da sinalización.
- Deficiencias nas infraestruturas



RIANXO
(A Coruña)

III SEGURIDADE CIDADÁ - POLICÍA XUDICIAL

1- Actuacións.

Instrúense Atestados ó Xulgado en materia Penal-Criminal, asumindo a totalidade das competencias contempladas pola Lei en materia de Seguridade Cidadá, e Policía Xudicial.

	ANOS	04	03	02
• Atestados do Criminal instruídos.....		15	38	28
• Actuacións en materia de Seguridade Cidadá		107	192	235



DETALLE:

▪ Delitos de lesións	1	3	2
▪ Delitos contra a liberdade	0	0	1
▪ Delitos contra o honor.....	0	3	3
▪ Delitos contra as relacións familiares	0	1	0
▪ Delitos contra o patrimonio e orde socioeconómico	11	21	20
▪ Delitos contra a seguridade colectiva	1	4	0
▪ Delitos contra a Administración de Xustiza	0	0	0
▪ Delitos contra a Administración Local	0	0	0
▪ Delitos contra o medio ambiente	0	0	0




RIANXO
(A Coruña)

	ANOS	04	03	02
▪ Delitos contra o orden público	01	04	00	
▪ Recuperación de efectos subtraídos	01	01	00	
▪ Persoas detidas	00	02	07	
▪ Ampliatorios.....	00	00	02	
▪ Oficios entrega de documentación.....	15	19	05	
▪ Informes a xulgados	69	71	66	
▪ Ordes xudiciais cumprimentadas	128	84	71	
▪ Asistencia de policía a xulgados.....	38	13	09	
▪ Oficios varios a xulgados.....	17	06	08	
▪ Citacións cumprimentadas	19	11	05	

2- Denuncias recibidas.

- Denuncias recibidas.....	088	127	130
----------------------------	------------	------------	------------



DETALLE:

• Delitos de lesións	8	6	2
• Delitos contra a liberdade	0	0	1
• Delitos contra a liberdade sexual	0	0	0
• Delitos contra as relacións familiares	6	10	6
• Delitos contra o patrimonio e orde socioeconómico	21	38	31
• Delitos contra o orde público.....	17	25	27
• Delitos contra a seguridade colectiva	4	9	3
• Recibos de denuncia.....	32	39	60



RIANXO
(A Coruña)

3- Dispositivos policiais.

	ANOS	04	03	02
• Controis de documentación	25		9	4
• Dispositivos de seguridade especiais.....	15		15	12

4- Obxectos perdidos.


	ANOS	04	03	02
• Obxectos perdidos recuperados	36		38	26
• Obxectos perdidos entregados ó seu propietario	21		26	09

5- Actuacións en aplicación da Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadá.

	ANOS	04	03	02
• Acta de intervención de substancias	00		01	02
• Identificacións practicadas.....	61		74	95
• Denuncias efectuadas en base a dita Lei.....	18		22	09

6- Evolución da delincuencia cos datos conxuntos das forzas e corpos de seguridade deste concello.

	ANOS	04	03	02
• Atestados do Criminal instruídos.....	187		173	144





RIANXO
(A Coruña)

ACTUACIÓNS DA GARDA CIVIL:

	ANOS	04	03	02
Atestados do Criminal instruídos	172		135	116
DETALLE:				
▪ Delitos contra as persoas.....	5	3	3	
▪ Delitos contra a liberdade	0	0	1	
▪ Delitos contra a liberdade sexual	1	0	1	
▪ Delitos contra a inviolabilidade de domicilio	0	0	1	
▪ Delitos contra as relacións familiares	2	2	4	
▪ Delitos contra o orden público.....	0	0	1	
▪ Delitos contra o patrimonio e orde socioeconom. ..	53	60	48	
▪ Delitos contra a seguridade colectiva	1	0	0	
▪ Delitos contra a Administración de Xustiza	0	0	2	
▪ Incendios de inmobles.....	1	0	0	
▪ Incendios forestais.....	1	2	1	
▪ Recuperación de vehículos	3	6	2	
▪ Recuperación de embarcacións.....	1	0	0	
▪ Aparicións de cadáveres	3	2	5	
▪ Desaparecidos	0	1	0	
▪ Drogas	3	4	2	
▪ Faltas contra as persoas.....	35	30	28	
▪ Faltas contra o patrimonio	20	24	11	
▪ Faltas contra o orden público.....	11	3	3	
▪ Persoas detidas	12	15	23	
▪ Infraccións varias	20	4	8	

6- Comentario.

Continua o réxime de estreita colaboración entre as Forzas de Seguridade do Concello.

Obsérvase un pequeno aumento do número de atestados instruídos, que podería entenderse coma un incremento da delincuencia, sen embargo, este aumento prodúcese como consecuencia do incremento da vixilancia do medio ambiente, co conseguinte aumento das infraccións en materia de residuos, pesca marítima e fluvial, caza, etc.

Cabe sinalar que se continúa cun alto porcentaxe de esclarecemento dos feitos delitivos.




RIANXO
(A Coruña)

IV POLICÍA ADMINISTRATIVA

1- Documentos.

	ANOS	04	03	02
• Rexistro de entrada de documentos		1.952	1.623	1.318
• Rexistro de saída de documentos.....		3.125	3.214	2.623



DETALLE DOS MESMOS:

▪ Informes remitidos á Alcaldía.....	1522	1332	1580
▪ Requirimentos de paralización de obra.....	069	051	068
▪ Outros requirimentos	376	472	284
▪ Partes á Alcaldía.....	15	21	15
▪ Documentos remitidos a xulgados	124	109	099
▪ Documentos remitidos á Xefatura de Tráfico.....	02	04	06
▪ Partes á Xefatura da Policía Local rexistrados	591	681	226
▪ Comunicados de réxime interno	09	09	21
▪ Partes de servizo diarios (sen rexistro)	939	938	939
▪ Escritos notificación resolución sobre alegacións	241	318	165
▪ Oficios a organismos varios.....	104	123	076
▪ Notificacións mercado ambulante.....	08	15	07
▪ Documentos expedidos a particulares.....	64	79	76



RIANXO
(A Coruña)

2- Mercado ambulante.

Realízase o control e administración do mercado ambulante, estando un axente encargado do mesmo.

	ANOS	04	03	02
• Partes de control.....		100	104	102
• Expedientes por incumprimento da normativa		6	7	7
• Rescisións de contrato.....		3	4	5

3- Policía urbanística.

Continúase co control e inspección de obras por parte da Policía Local, por carecer de vixiante de obras, encargándose un axente de cada parroquia.

Realízase un estrito control sobre a ocupación de terreos públicos, dando parte das ocupacións.

Así mesmo lévanse a cabo os expedientes de execución subsidiaria nos casos que corresponda.

	ANOS	04	03	02
• Expedientes obras inspeccionados		213	161	205
• Requirimentos de paralización.....		69	51	68
• Informes varios de obras.....		40	48	32
• Informes por ocupación de terreos públicos.....		29	30	18
• Requirimentos por ocupación de espazos públicos		36	34	27
• Expedientes incoados por desobediencia.....		15	10	09
• Expedientes de investigación terreos públicos		3	6	4

4- Cooperación en conflitos privados.

Colabórase nos conflitos de índole privada, con asistencia ós mesmos e levantando as pertinentes actas do acontecido en virtude do disposto no artigo 53.1.I. da Lei Orgánica 2/86.

	ANOS	04	03	02
• Comparecencias en conflitos privados		35	27	13

5- Quilómetros percorridos.

	ANOS	04	03	02
• Quilómetros percorridos polo U.M. 03.....		27.385	22.195	28.262
• Quilómetros percorridos polo U.M. 04.....		41.867	43.050	38.438
◀ Total quilómetros percorridos.....		69.252	65.245	66.700



RIANXO
(A Coruña)

6- Vixilancia de Instalacións e Patrimonio.

Realízase a vixilancia das instalacións de titularidade municipal así como do mobiliario urbano e, no caso de danos, previo informe tralas indagacións pertinentes, procédese á xestión das reclamacións pertinentes.

Do mesmo xeito, recóllense todo tipo de avisos de avarías, comunicando as mesmas ás empresas encargadas do mantemento, ben sexan de competencia municipal ou non, caso de Fenosa e Telefónica, comprobando posteriormente o seu arranxo.

	ANOS	04	03	02
• Avisos de avarías no alumeadado público	149	230	232	
• Avisos de avarías de auga ou sumidoiro.....	21	23	23	
• Avisos a Fenosa	04	11	13	
• Avisos a Telefónica.....	02	06	08	
• Reclamación de danos a aseguradoras e outros.....	09	10	06	

7- Ocupación de Vía Pública.

A Policía Local exerce o control da ocupación de vía pública, ben por obras ou con mesas e cadeiras, informando e requirindo nos casos en que se infrinxa a normativa establecida.

	ANOS	04	03	02
• Informes por ocupación de vía pública.....	37	46	34	
• Requirimentos por infracción da normativa	49	57	28	

8- Expedición de tarxetas de armas.

Esta Policía Local exerce o control e expedición das tarxetas de armas da 4ª categoría a particulares, que é unha competencia do Concello de acordo co artigo 105 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.

	ANOS	04	03	02
Tarxetas de armas expedidas.....	06	04	10	

9- Comentario.

As tarefas administrativas policiais seguen copando gran parte do traballo da Policía Local, que aporta un variado abanico de solucións as novas demandas do cidadán. Nos últimos meses, coa incorporación temporal da auxiliar administrativa, veuse reducido considerablemente o tempo de



RIANXO
(A Coruña)


dedicación da Policía a estas tarefas, propiciando un aumento do tempo de vixilancia na rúa.

**V POLICIA MEDIOAMBIENTAL E SANITARIA,
E POLICÍA ASISTENCIAL**

1º POLICÍA MEDIOAMBIENTAL E SANITARIA.

1- Actuacións.

	ANOS	04	03	02
• Total de actuacións		406	354	309



◀ **CLASIFICACIÓN DAS MESMAS SEGUNDO A NORMATIVA APLICADA:**

A) Ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente.

	ANOS	04	03	02
• Actuacións en cumprimento da mesma		359	320	233



RIANXO
(A Coruña)

DETALLE DAS MESMAS:

	ANOS	04	03	02
▪ Requirimentos de limpeza de terreos cumprimentados..	132	130	91	
▪ Exps. incoados por incumprimento dos requirimentos de limpeza de terreos.	25	36	12	
▪ Requirimentos por depósito de lixo incontrolado cumprimentados.	13	07	45	
▪ Exps. incoados por incumprimentos dos requirimentos de depósito de lixo.	01	02	06	
▪ Requirimentos por sucidade na vía pública como consecuencia de obras e outros	139	113	37	
▪ Requirimentos por depósitos de substancias insalubres e/ou contaminantes	03	05	07	
▪ Requirimentos por vertidos de augas porcas e outros líquidos á vía pública	19	16	13	
▪ Requirimentos por recollida augas pluviais.....	27	11	12	

B) Outras actuacións sobre regulamentación medioambiental varia.

	ANOS	04	03	02
• Requirimentos de vehículos cumprimentados en base á Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente do Concello de Rianxo, á Lei 10/1997 de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e á Lei 10/1998 de Residuos (estatal).	03	01	02	
• Informes sobre limpeza de praias	04	06	18	

C) Animais.

a) Ordenanza reguladora animais.

	ANOS	04	03	02
• Requirimentos por infraccións varias cumprimentados.....	23	08	15	
• Expedientes incoados.....	13	04	03	



RIANXO
(A Coruña)

b) Animais abandonados.				
	ANOS	04	03	02
• Animais abandonados atendidos.....	06	09	11	
• Animais recollidos por servizo de lacería.....	26	00	16	

b) Desratización.				
	ANOS	04	03	02
• Avisos para desratizar cumprimentados	13	14	12	

D) Ordenanza de ruídos.				
	ANOS	04	03	02
• Medicións efectuadas.....	17	09	14	
• Exps. incoados a locais por infraccións.....	02	01	02	

2- Comentario.

Seguindo a corrente de anos anteriores, as funcións en materia de Policía Medioambiental seguen ocupando unha parte importante da actividade policial, requirindo unha dedicación de tempo superior a materias tan importantes coma o tráfico e a seguridade cidadán.

No apartado de ruídos non existen grandes problemas, dado que os locais cumpren maioritariamente coa normativa e, ademais, nestes momentos a “movida” é escasa en Rianxo.

Con relación ós vertidos incontrolados, ó mesmo tempo que se denuncian, requírese ós autores dos vertidos para que procedan á súa eliminación, con independencia da incoación dos correspondentes expedientes de sanción, no seu caso, e, cando non se pode identifica-los autores dos vertidos, a eliminación polo propio Concello.



RIANXO
(A Coruña)

V I PROTECCIÓN CIVIL


1- Incendios.

Asístese a tódolos incendios ocorridos no Termino Municipal, colaborando na investigación dos mesmos coas demais Forzas de Seguridade e a Xefatura Comarcal de Incendios.

Asemade colabórase, cando é necesario, coa extinción nas primeiras actuacións de urxencia en canto non chega o persoal de incendios, permanecendo ó mesmo tempo coordinados cos medios locais de extinción como son a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, persoal da motobomba municipal, e cuadrilla municipal de incendios nas épocas en que está activa.

A) ACTUACIÓNS:

	ANOS	04	03	02
-Incendios asistidos.....	16	09	20	



DETALLE:

	ANOS	04	03	02
- Incendios forestais.....	09	04	15	
- Incendios en vivendas ou anexos	3	2	1	
- Outros incendios.....	4	2	4	



RIANXO
(A Coruña)

B) SIMULACROS

Continuouse coas charlas e simulacros de emerxencias nos centros escolares, practicando as evacuacións do alumnado ante unha posible emerxencia real, utilizando para elo fume real (con bomba de fume) coa inestimable colaboración da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil.

2- Outras emerxencias.

Ademais dos incendios, actúase nos demais tipos de emerxencias como poden ser inundacións, accidentes laborais, colaboracións de apoio ós servizos sanitarios, falecementos, etc.

ACTUACIÓNS.

	ANOS	04	03	02
• Outras actuacións en materia de Protección Civil ..	11		10	19

3- Policía Asistencial.

ACTUACIÓNS.

	ANOS	04	03	02
• Actuacións en materia de Policía Asistencial	48		31	45

DETALLE DAS MESMAS:

■ Facilitar acollemento a transeúntes indixentes	1		0	0
■ Búsqueda de persoas desaparecidas	3		1	2
■ Vixilancia asistencial a menores	1		1	1
■ Rescates varios (pisos, praias, montaña, etc)	2		3	2
■ Recolleita e asistencia a persoas en estado de abandono diversos	3		1	2
■ Asistencias varias a persoas (ebrios, etc)	22		18	34
■ Asistencias domiciliarias a requirimento dos seus moradores	5		5	4
■ Persoas falecidas, afogadas, suicidios, etc	10		2	--
■ Persoas feridas en accidentes laborais	2		0	3



RIANXO
(A Coruña)

V I I SERVICIOS DE NOTIFICADOR

1- Servizos.

Por carencia de notificador, a Policía Local segue realizando dito cometido, efectuando notificacións varias e cartas a Concelleiros e particulares, e o reparto de bandos, edictos e carteis por todo o Concello.

2- Detalle.

	ANOS	04	03	02
• Bandos.....		58	42	58
• Edictos.....		3	34	149
• Carteis		43	39	27

3- Comentario.

As tarefas de notificador, que non son unha función propia da Policía Local, veñen incidindo negativamente no traballo policial en detrimento do tráfico e da seguridade cidadán, cando estas son as razóns orixinais da existencia deste Corpo.

Por todo elo é imprescindible que se cree unha praza de notificador.



RIANXO
(A Coruña)

VIII FORMACIÓN DE PERSOAL

1- Cursos promovidos polo Concello.

- Realización das prácticas de tiro legalmente establecidas para tódolos compoñentes da Policía.
- Asistencia a clases e cursos de defensa persoal e conservación física.

2- Cursos promovidos pola Academia Galega de Seguridade.

- Asistencia do Cabo xefe e dous axentes a un curso de Documentacións e Seguro para vehículos estranxeiros.
- Asistencia do Cabo Xefe a un curso sobre Dereito Penal.
- Asistencia do Cabo Xefe e un axente a un curso de Dereito Administrativo Policial.
- Asistencia de un axente a un curso na A.G.S., de especialización no programa informático Autocad para elaboración de atestados.
- Asistencia de dous axentes a un curso sobre Protección de Personalidades e Escoltas.
- Asistencia de un axente a unhas xornadas sobre Educación Viaria.
- Asistencia dun axente a un curso sobre Fotografía Dixital.
- Asistencia de tres axentes a un curso sobre Novas Técnicas de Investigación Policial.
- Asistencia dun axente a un curso sobre Operativa Policial de Estranxeiría.
- Asistencia dun axente a un curso sobre Novas Tecnoloxías para o Rescate de vehículos.
- Asistencia de urxente a unhas Xornadas sobre a Actuación do 112 Madrid e Servizos de Emerxencias no 11M.



RIANXO
(A Coruña)

I X MATERIAL ADQUIRIDO E NECESIDADES

1- Material adquirido / recibido.

- ◄ **Dotación uniforme anual: (restrinxida por falta de presuposto)**
 - Xerseis tipo polares.
 - Pantalóns de uniforme.
 - Uniformidade para auxiliares.

- ◄ **Dotación de Munición e armamento anual:**
 - 1800 cartuchos de 9 m/m. Parabelum.
 - Parches para prácticas de tiro.

- ◄ **Material transmisións:**
 - Repostos telefonía móbil.
 - Cargador novo e funda para o teléfono móbil.
 - Pinganillos para talkies.

- ◄ **Adquisicións varias:**
 - Botes de sprays accidentes..
 - Pilas varias para cámara, ordenador, sonómetro, etc.
 - Asubíos para regulalo tráfico.
 - Copias claves novo garaxe.

- ◄ **Material de oficina:**
 - Pedido anual de material vario de menor contía.
 - Material informático vario (tinta impresora, CDR, etc)
 - Arquivadores varios para documentos.
 - 1 libro de expedientes.
 - Aumento programas no ordenador.



RIANXO
(A Coruña)

2- Necesidades.

- ◄ **Vestuario - Equipamento:**
 - Dotación anual de pantalóns.
 - Dotación anual de camisas.
 - Dotación anual de calzado.
 - Dotación de emblemas e escudos para vestuario.
 - Carteiras porta - documentación.
 - Numeración da placa de peito.
 - 1 eclímetro
 - 1 medidor de profundidade de pneumáticos.
 - 1 cámara dixital e accesorios.
 - Taquillas para o novo vestuario.
 - Defensas extensibles coas respectivas fundas.
 - Vehículos novos.
 -
- ◄ **Cartuchería:**
 - Dotación anual de munición.
- ◄ **Material de transmisións - Electrónica:**
 - Pilas para equipos de transmisión portátiles.
 - Pinzas para enganches talkies.
 - Catro secrafonías.
- ◄ **Material de oficina:**
 - Pedido anual de material vario de menor contía.
 - Dotación anual de carretes.
 - Ampliación dos discos duros e PC´s.
- ◄ **Persoal:**
 - Incremento do persoal ó menos en 2 membros.



RIANXO
(A Coruña)

X PRENSA



RIANXO
(A Coruña)

X PRENSA

L4 | Barbanza-Muros-Noia

MARTELS
13 DE ENERO DEL 2004

Un ribeirense fue la primera víctima mortal de este año en las carreteras de la comarca

Cinco personas perdieron la vida en la vía rápida de Barbanza en el 2003

Los tramos que discurren a la altura de Boiro y Rianxo fueron los más conflictivos

Antía Ugorri
RIEIRA

■ La vía rápida fue, durante el pasado año, el trágico escenario donde discurren la gran mayoría de los accidentes mortales de tráfico de Barbanza. En términos globales, cinco personas perdieron la vida en cuatro siniestros circulatorios ocurridos en esta carretera a lo largo del 2003.


De este fatídico balance se concluye que la colisión frontal fue la causa mayoritaria de los trágicos desenlaces, en concreto, de tres de los incidentes. En el caso restante, fue un despiste el que motivó la salida de vía del vehículo siniestrado.

Los tramos que discurren a la altura de los municipios boirense y rianxeiro se revelaron como los más conflictivos durante el año que acaba de terminar, pues en ellos acontecieron la práctica totalidad de los sucesos con algún implicado muerto.

Espectacularidad.

